



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Segundo Idioma Moderno II: Alemán	Código	662G01048	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Alemán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	elena.martin@udc.es	
Profesorado	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	elena.martin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia foi deseñada para dotar os futuros graduados duns coñecementos e habilidades medios necesarios para comprender e facerse comprender en situacións habituais da vida cotiá en países de fala alemá, así como para poder desenvolver unha conversación de temas cotiáns e turísticos cunha persoa de fala alemá. Ademais proporcionaráselle ao alumnado uns coñecementos lingüísticos que lle permitan desenvolver as competencias lingüísticas medias (oral e escrita) para que sexan capaces de desenvolver tarefas en empresas do sector turístico con clientes de fala alemá ou outras empresas de países de fala alemá.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aprender as estruturas básicas da lingua alemá a nivel medio.	A6 A16 A17	B1 B4 B6 B7	C2 C7 C8
Adquirir unhas nocións de grao medio de léxico e estruturas gramaticais propias do sector turístico.	A13 A15 A16	B1 B2 B3 B4 B6 B7	C1 C2 C5 C7
Coñecer os diferentes costumes, culturas e normas de comportamento nos países de fala alemá.	A16 A29	B4 B5 B6 B7	C2 C3 C4 C6 C7
Comprender e producir mensaxes orais e escritas a nivel medio en situacións tanto persoais coma relacionadas co campo do sector turístico con empresas e persoas de fala alemá.	A13 A16 A29	B1 B3 B4 B6 B7	C2 C7

Contidos	
Temas	Subtemas



Reservierungsdialoge im Hotel	<p>AUSSPRACHE: .- Repaso das regras de pronunciación da lingua alemá.</p> <p>GRAMMATIK: .- Repaso e consolidación da declinación alemá (artigos e pronomes). .- Tempos pasados: Perfekt y Präteritum.</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Expressar en modo oral e escrito estruturas básicas na recepción dun hotel.</p>
Briefe	<p>AUSSPRACHE: .- Entoación en oracións con múltiples complementos.</p> <p>GRAMMATIK: .- Conxuncións e adverbios temporais. .- Futur II.</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Expresions e estruturas típicas da correspondencia formal e informal.</p>
Hotel und Umgebungen	<p>AUSSPRACHE: .- Entoación en oracións impersonais.</p> <p>GRAMMATIK: .- Oracións impersoais. .- Preposicións de dirección. .- Imperativ. .- Declinación do adxectivo e do sustantivo. (N-Deklination)</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Comunicarse cos clientes e dar información dos servizos dun hotel, así como dos arredores.</p>
Die Rechnung, Beschwerde und Zufriedenheit der Gäste	<p>AUSSPRACHE: .- Entoación e pronunciación de palabras compostas. .- A entoación como marcador de cortesía.</p> <p>GRAMMATIK: .- Grao comparativo do adxectivo e adverbio. .- Oracións de relativo.</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Estructuras típicas das cartas de queixas. .- Fidelización do cliente.</p>
Pauschalreise und Reiseangebot	<p>AUSSPRACHE: .- A entoación en oracións subordinadas.</p> <p>GRAMMATIK: .- Conxuncións e conectores. Oracións subordinadas.</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Estructuras propias das ofertas, viaxes turísticos e paquetes de viaxe.</p>



Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba oral	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 C2 C4 C8	6	15	21
Traballos tutelados	A15 A29 B1 B2 B6 B7 C1 C3 C5 C6	3	34	37
Seminario	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B5 C2 C3 C7	18	18	36
Obradoiro	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3 C4 C6	15	18	33
Proba mixta	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3	2	15	17
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Proba oral	Nos últimos días do curso terá lugar unha proba oral consistente nunha presentación dun establecemento turístico seguindo as pautas e indicacións explicadas en clase.
Traballos tutelados	O alumno deberá realizar exercicios de expresión escrita relacionados con cada un dos temas tratados na aula. O número das devanditas redaccións e a súa extensión serán fixados semanalmente polo profesor.
Seminario	O profesor impartirá os contidos teórico-gramaticais para que o alumnado os poda aplicar posteriormente nas sesións prácticas na aula.
Obradoiro	Cada un dos temas tratados nas clases maxistras levará asignado unha serie de tarefas e exercicios destinados a consolidar e fixar os coñecementos explicados. As devanditas tarefas poderán ser ben orais ou escritas.
Proba mixta	Ao final do curso realizarase 1 proba mixta final escrita que constará de dúas partes diferenciadas: a.- Exercicios de gramática. b.- Expresión escrita + Comprensión lectora Para superar as probas será necesario ter unha nota mínima en cada unha das dúas partes (exercicios e expresión escrita+comprensión lectora).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba oral Traballos tutelados	Previa á proba oral realizarase unha sesión conxunta co alumnado na que o profesorado responderá e orientase ao alumnado de cara á preparación da presentación dun lugar turístico. Así mesmo os traballos tutelados irán acompañados de sesións breves (individuais ou en grupo) nas que se abordarán as problemáticas que vaian xurdindo ao longo do curso na realización das devanditas probas. A final de curso terá lugar unha última sesión na que se responderán e aclararán todas as dúbidas que aínda puidese haber.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 C2 C4 C8	Ao longo do curso realizaranse distintas actividades orais e máis unha proba pública individual ao final do curso, na que o alumno deberá presentar un aloxamento turístico. A non realización desta proba suporá unha cualificación de NON PRESENTADO na asignatura.	10



Traballos tutelados	A15 A29 B1 B2 B6 B7 C1 C3 C5 C6	É necesario ter entregado un mínimo do 80% dos traballos tutelados para que a cualificación destes se teña en conta na nota final da materia.	25
Obradoiro	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3 C4 C6	Actividades teóricas e prácticas (contidos gramaticales, léxico, expresión oral e escrita, comprensión oral e lectora, interacción oral) Inclúe a valoración da asistencia presencial.	5
Proba mixta	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3	As probas mixtas constarán de dúas partes: a.- Exercicios de contido gramatical. b.- Expresión escrita + comprensión lectora. Será necesario ter mínimo un 4 en cada unha das dúas partes das que consta a proba para superala. De non ser así, a cualificación final da proba non poderá superar o 3.5 sobre 10. Para superar a materia é imprescindible obter unha cualificación de 4 sobre 10 na proba mixta.	60

Observacións avaliación

PRIMEIRA OPORTUNIDADE:

- O alumnado deberá obturen unha cualificación igual ou superior a 4 sobre 10 na proba mixta para supera-la materia.
- No caso de non superarse alguna das parte da proba mixta, a cualificación final da materia non pode ser superior ao 4.5 sobre 10.
- O alumnado que non se presente a proba mixta ou a proba oral, será calificado como Non presentado.
- O alumnado deberá ter entregado un mínimo dun 80% dos traballos obrigatorios.

SEGUNDA OPORTUNIDADE E CONVOCATORIA ADIANTADA DECEMBRO:

- A avaliación en segunda oportunidade queda establecida nun 100% polo nota dunha proba mixta.

ALUMNADO CON EXCENCIÓN DE ASISTENCIA

- O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "norma que regula o réximen de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5)" deberá entregar e facer as mesmas actividades e probas ue o resto do alumnado e na mesma data. Poderá establecerse, de ser necesario, outra data para a proba oral.
- A porcentaxe na avaliación das actividades na aula, así coma a asistencia (Obradoiro), sumaranse ao dos Traballos Tutelados, quedando distribuídos ás porcentaxes como segue: Proba oral (10%), Traballos Tutelados (30%), Proba Mixta (60%).

MEDIDAS DE APOIO Á DIVERSIDADE (ADI)

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que requira da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade. Deberán contactar cos servizos dispoñibles nos prazos oficiais estipulados (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>).

Poderán pedir asesoramento ao profesorado, á Titora ADI da Facultade de Turismo e á Unidade de Atención á Diversidade (ADI):

<http://www.udc.es/cufie/adi/> (tel. 881015622; email: adi@udc.es)

Os traballos nos que se detecten prácticas ilícitas (emprego de tradutores automáticos para a elaboración de traballos tutelados, plagio, etc.) serán calificados con 0.

Lembrase ao alumnado que o uso de calquera axuda ou dispositivo no examen final está totalmente prohibida, e no caso de utilizar calquera soporte no permitido quedará automaticamente suspenso independentemente da nota do examen e outras probas.

Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dúas estudos de grao e mestrado universitario" artigo 14.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Werner, G (2001). Grammatiktraining Deutsch. Langenscheidt
- Borrueco, M (2000). Reisen. DaF für das Tourismusstudium. Lehrbuch.. Síntesis



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Lemcke, Ch. Rohrmann, L (2009). Berliner Platz 1 Neu. Langenscheidt- Lemcke, C & Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A2. Langenscheidt- Borrucco, M (2000). Reisen. Deutsch als Fremdsprache für das Tourismusstudium. Arbeitsbuch. Síntesis- Al Dreyer, H. & Scmitt, R (2000). Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik. Hueber- Cohen, U (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Lehrbuch. Langenscheidt- Cohen, U (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Arbeitsbuch. Langenscheidt- Cohen, U (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Lehrbuch. Langenscheidt- Cohen, U (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Arbeitsbuch. Langenscheidt- Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana. Idiomas- Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana: Ejercicios. Idiomas- Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Gramática. Herder- Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Ejercicios. Herder- Fandrych, C & Tallowitz, U (2008). Klipp und Klar. Gramática práctica del alemán. Klett- Lemcke, C & Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A1. Langenscheidt- Rusch, P & Schmitz, H (2007). Einfach Grammatik. Übungsgrammatik Deutsch A1 bis B1. Langenscheidt
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Segundo Idioma Moderno I: Alemán/662G01047

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Segundo Idioma Moderno III: Alemán/662G01049

Observacións

Recomendase ao alumno que planifique o seu traballo ao longo de todo o curso seguindo a materia de forma continuada e realizando as tarefas indicadas en tempo e forma correctas. O esforzo continuo permitiralle levar a materia de forma cómoda, consolidar os novos coñecementos apoiándose nos anteriores e asumir un ritmo de traballo axeitado seguindo as pautas e indicacións do profesor. O estudo individual da materia deberá ir ao mesmo tempo co temario e actividades que se desenvolvan na aula. No caso do idioma alemán, debido á complexidade que supón para alumnos hispanofalantes recoméndase especialmente que se leve unha asimilación e estudo dos conceptos adecuado para evitar as présas e falta de tempo a final de curso. O alumno deberá ser capaz de relacionar os diferentes conceptos que se verán ao longo do curso para poder desenvolver as súas capacidades lingüísticas e comunicativas coa maior eficiencia posible. En todo momento se poñerán a disposición do alumno consellos e pautas de estudo que lle axuden nesta tarefa. Así mesmo recordar a posibilidade de acudir a tutorías personalizadas ao longo do curso para resolver problemas ou dúbidas individuais do alumno.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías